



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE 410A	2011/13-1
Entidade	CONFRARÍA DE MUROS		
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS		
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECIFICO		
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE		

Especies	<i>Lumbrineris impatiens, Hediste diversicolor, Arenicola marina</i>
Ambito do plan	De punta Ínsua a punta Uhía
Subzonas de explotación	.

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	2	6
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	96 (do 16 de marzo ao 31 de outubro)											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾	Mergullo con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura ⁽⁶⁾		
Especies	A pé (indiv/mariscador/día)	Embarcación (indiv/mergullador/día)
<i>Lumbrineris impatiens, Hediste diversicolor, Arenicola marina</i>	-	500 (en total)

Artes a empregar	Mergullo con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	--

Puntos de control	Faro de Montelouro, Ancoradoiro e peirao de Muros.
Puntos de venda	

Outras consideracións
<p>Días máximos de extracción: A Orde do 6 de febreiro de 1998, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, establece un período de veda para a explotación deste recurso do 1 de xaneiro ao 15 de marzo e do 1 de novembro ao 31 de decembro. Por isto, cómpre modificar o número de días máximos de extracción xa que a suma de tódolos días propostos no plan presentado entre o 16 de marzo e o 31 de outubro ascende a 96 días de extracción ao ano.</p> <p>Horario: Non se aproba o horario de extracción proposto neste plan por ir en contra do establecido na Orde do 6 de febreiro de 1998, polo que o horario de traballo autorizado será de dúas horas antes a dúas horas despois da baixamar diúrna ata as 17'00 horas.</p>



Puntos de control: Establécense os puntos de control nos que se verificará o cumprimento dos topes de captura mediante inspeccións aleatorias e se entregará un ticket control a cada embarcación que deberá ser entregado nas dependencias das lonxas de Muros e Esteiro. O responsable do control será un dos integrantes deste plan ou, na súa ausencia, os vixiantes da confraría. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación á Xefatura Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersiones necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**